

# ■ Bono cuidado extraordinario

(Familias con nenos e nenas de ata 12 anos de idade)



**gabinete de igualdade**

## **BONO COIDADO EXTRAORDINARIO DESTINADO A MENORES**

Axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata 12 anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia, para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo de suspensión de actividade nas escolas infantís 0-3 e centros de ensino non universitario como consecuencia da evolución da pandemia.

### **A QUE SE DESTINA?**

- Ao pagamento dos servizos de atención a domicilio que se contratasen despois da declaración da emerxencia sanitaria.
- Á contratación laboral dunha persoa empregada do fogar destinada ao coidado dos nenos e nenas (incluídas as ampliacións de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade).
- A compensar o paso a situación de excedencia por coidado de menores ou redución da xornada de traballo pola mesma causa, sempre que supoña unha redución efectiva nas retribucións.

### **QUEN TEN DEREITO?**

- Familias que teñan nenos/as de ata 12 anos (nado/a con posterioridade ao 31 de agosto de 2007) nas que ambos os proxenitores traballen fóra da casa.
- Os ingresos netos non poden superar os 2500 euros ou os 806 euros ao mes por membro.
- No caso de familias monoparentais ou proxenitores con custodia non compartida, considerarase que o único/a proxenitor/a traballe fóra da casa.
- Entenderase por familia monoparental a unidade da que forme parte un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

## **CAL É A CONTÍA?**

- Ata o 100% do custo da contratación ou do importe da redución das retribucións cun límite máximo de 500 €/mes por unidade familiar.

## **CAL É A SÚA VIXENCIA?**

- Con efectos retroactivos desde o 16 de marzo.
- Terá vixencia ata que reabran as escolas infantís 0-3 e os centros de ensino non universitarios.

## **COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS**

- É compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera outra Administración ou ente público ou privado, tendo en conta:
  1. Débese acreditar documentalmente a súa natureza e contía ou calquera circunstancia que poida afectar a execución das actuacións.
  2. O importe das axudas concedidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, o custo do servizo recibido.

## **PRAZO DE SOLICITUDE**

- 13/06/2020 – 13/07/2020

## **PRESENTACIÓN**

- Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- Código de procedemento: BS900C

Coa colaboración  
da Xunta de Galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**